



MUIÑADA

Coproducido polo FIOT



GALEAÑO
Compañía de teatro



A COMPAÑÍA

Galeatro é unha compañía teatral carballesa fundada polos intérpretes Alba Bermúdez e Tone Martínez no ano 2013 co obxectivo de crear proxectos teatrais de carácter didáctico. Cos espectáculos "De Leria con Castelao", "Identifíca-t", "Comechíns, segundo prato", "Unha clase maxistral" ou "O Contador de Contos" percorre na actualidade os centros educativos de toda Galicia.

Neste 2017 está a producir xunto co FIOT de Carballo o seu primeiro espectáculo infantil de gran formato.



O ESPECTÁCULO

Muiñada conta a historia de Sabela e Xacobe que por un malentendido coa quenda se atopan nun muíño de auga. Ó ver que os dous non poden moer ó mesmo tempo, comezan unha discusión na que o xogo, as lendas, a tradición e a música farán que os cativos e os que non o son tanto se acheguen a un edificio que foi fundamental para a Galicia: o muíño de auga.

Muiñada é unha viaxe ó pasado para os nenos de hoxe. Unha viaxe que serve para coñecer de onde vimos e para non deixar morrer a memoria dos nosos avós e avoas. Muiñada é tradición, é festa, é música e, sobre todo, teatro para toda a familia.

IDADE RECOMENDADA



"Muiñada" está pensada para público familiar e infantil a partir de 5 anos.

DURACIÓN

50 minutos



MUIÑADA



EQUIPO DE TRABAJO



Tone Martínez (Actor)



Actor, director e formador de teatro. Licenciado en arte dramática pola ESAD de Galicia, comezou a súa formación no Grupo Sardiña. Completouna con mestres como Nuria Inglada, Ermel Morales, Cristina Domínguez e Alfonso Rivera. Especializado en técnica de Improvisación Teatral, aprendeu de expertos como Beto Urrea ou Gustavo Miranda.

Cofundador das compañías "Galeatro" e "Triatreros", forma parte do elenco de "De Leria con Castelao" e "O contador de Contos" da primeira; e de "ImproNews" da última. Coprotagonizou espectáculos como "O Gato con Botas" e "Don Juan Tenorio" ambas producións do Teatro Colón. En Galeatro dirixiu "Rosalía, a rosa de cen follas" e "Identifica-t".

No eido audiovisual, protagonizou innumerables curtametraxes entre as que destacan "Volver Allí" de Lucía Estévez e "La Trampa Estesia" de Eduardo Chaperó Jackson. Actor de reparto en series como "O Faro", "Pazo de Familia" e "Serramoura", tamén pertence ó elenco das seriesweb "Interfecto" e "Dálle Jas"



Alba Bermúdez (Actriz)



Licenciada en Interpretación Textual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. No 2013 realizou o Máster oficial de Artes Escénicas na Universidad Rey Juan Carlos de Madrid e no 2014 o Máster de Arte, Cultura e Intervención Social. Comezou a súa formación no grupo carballés Vagalume Animación e posteriormente en Casahamlet. Dende os seus inicios na ESAD, complementa os seus estudos con cursos como Roy Hard (con Nuria Inglada), Kathakali (con Teatro Tascabili di Bergamo), ou diversos cursos de titeres (con UNIMA).

Coprotagonizou a obra "Hámster" da compañía Triatreros e as montaxes de "Don Juan Tenorio" e "O gato con botas", ambas coproduccións do Teatro Colón.

É cofundadora da compañía teatral Galeatro coa que realizou as montaxes *De Leria con Castelao*, *Rosalía, a rosa de cen follas*, *Identifica-T* e *o Contador de contos*.

No mundo audiovisual participou en varias curtas coa Escola de Imaxe e Son da Coruña, na webserie *Dalle Jas* e na serie da TVG *Serramoura*.



MUIÑADA

Ana Carreira (Dramaturga)



É titulada superior en Arte Dramática na especialidade de Dirección Escénica e Dramaturxia (itinerario Dramaturxia) pola ESAD de Galicia.

Completa a súa formación no Teatro e na Narración Oral con expertos como David Plana, Quico Cadaval, José Campanari, Manuel Lourenzo, Claudia Contín e outras.

Os seus vínculos co teatro comezan como actriz co grupo *Achá-dego* e a *Aula de Teatro da USC*. Máis adiante funda e traballa en *Ubú Teatro* e colabora estreitamente con *Escéna- Te*.

Como Narradora Oral traballa en diversas campañas de organismos públicos e oficiais, editoriais e programas de televisión.

Tanto no terreo teatral como oral amplía o seu oficio cara á docencia non formal en cursos de Narración Oral e Escrita Creativa para adultos.

A súa carreira profesional como dramaturga e directora comeza coa peza *Cando dous son multitude da compañía VÍA 6*, *O Conto da Azuzaina* con *LIMIAR TEATRO* e *Resaca* con *IL MAQUINARIO*.

Tén diversas publicacións como o libro infantil *O vixilante dos Soños*, o relato *A inefable desventura dun devorador de libros dentro de Dez anos, dez historias*.

Na *Revista Galega de Teatro* téñ publicada unha micropeza titulada *Resposta a R.C.* e o artigo *Teatro Radiofónico galego, recuncho de emerxencia*.

É gañadora do IV premio "Varela Buxán" de teatro por *Un intre antes do solpor* e recentemente ben de ser finalista do X Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico.

Davide González (Director)



Director de escena, actor, músico e compositor. Licénciase en Interpretación Xestual pola ESAD de Galicia. Estuda un ano de dirección escénica e dramaturxia na mesma escola, e ten tamén o grao profesional en saxofón polo Conservatorio de Música Profesional Víctor Ureña de Redondela. Como actor traballou n' *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas do CDG*, *O corazón de Auria* (Tito Asorey), *A tempestade*, proxecto da Cía. Escénica da ESAD de Galicia e actualmente forma parte do elenco de *Pum pum* da compañía *Baobab* e é cover de *Rescada* de *Il Maquinario Teatro*.



No audiovisual participou en series web como *Dalle Jas!* (Tegüi Sagüillo), e *Interfecto* (Bibi Jacob). Compón e executa as bandas sonoras de *Como escribir en el agua* (Andrés Seara), *Vento ferido* (Miguel Grandío), *Nada peor* (Sara Fernández), *Change that tune*, *Naufragio* e *Volver Allí* (Lucía Estévez). Recentemente foi director dos espectáculos *ImproneWS Vol.2* e *Listo Para Sentenza*, de *Triatreros* e *Da Capo*, espectáculo do grupo *Abmiram Quartet*.

Anahí Taraburelli (Escenógrafa)



Nada en Arxentina é deseñadora gráfica e estudou Arquitectura Efímera na EASD Mestre Mateo, na que se especializou en escenografía e atrezzo.

Comezou como encargada de vestiario e escenografía de compañías amadoras como *Caruncho Teatro* e *Noite Bohemia*. Actualmente traballa con compañías profesionais coma *Cia Entremans*, *Elefante Elegante* ou o *Cirque du Soleil*.

Maico Varela (Iluminador)



Formado como técnico da imaxe pola Escola de Imaxe e Son de A Coruña (1995), leva exercendo como profesional das artes escénicas desde o ano 1996.

Traballou en empresas como *Sermasa*, *Filamento*, etc. Formou parte do equipo técnico de prestixiosos eventos como o Festival Mozart de A Coruña. Na actualidade é técnico de iluminación do Teatro Colón e responsable da iluminación de *Muiñada*.

CONTACTO

Tone Martinez/ Mario Horro

669.58.48.11/ 628.11.29.62

Correo: distribución.galeatro@gmail.com

